

# A LINGUÍSTICA EM DIÁLOGO

VOLUME  
COMEMORATIVO  
DOS 40 ANOS  
DO CENTRO  
DE LINGUÍSTICA  
DA UNIVERSIDADE  
DO PORTO

COMISSÃO ORGANIZADORA

João Veloso

Joana Guimarães

Purificação Silvano

Rui Sousa-Silva

40

anos



TÍTULO	A Linguística em diálogo Volume comemorativo dos 40 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto
COORDENAÇÃO	João Veloso Joana Guimarães Purificação Silvano Rui Sousa-Silva
EDITOR	Centro de Linguística da Universidade do Porto
ANO DE EDIÇÃO	2018
CONCEÇÃO GRÁFICA	Invulgar - Artes Gráficas, S.A.
TIRAGEM	200 exemplares
ISBN	978-989-54104-3-9
DEPÓSITO LEGAL	<b>443246/18</b>

A publicação deste volume contou com o apoio financeiro da Fundação para a Ciência e a Tecnologia, através do financiamento atribuído ao Centro de Linguística da Universidade do Porto ao abrigo do Fundo de Reestruturação de Unidades 2016 - Ref<sup>a</sup> UID/LIN/0022/2016.

# O ARQUIVO DO GALEGO ORAL DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Francisco Fernández Rei

ilgpaco.rei@usc.es

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela (Galicia)

RESUMO. O *Arquivo do Galego Oral (AGO)* é un proxecto do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxectivo inmediato poñer en Internet un banco de gravacións con cadansúa transcripción para configurar un atlas temático da oralidade de todo o dominio lingüístico galego. Este artigo trata sobre a orixe e os subarquivos do *AGO*, e de xeito particular o subarquivo de etnotextos de 1992 á actualidade, porque é o máis completo e aberto e porque del proceden os audios que desde maio do 2011 figuran no sitio web <http://ilg.usc.gal/ago/>. Faise referencia ó audiolibro *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (1996), escolma de gravacións con transcripcións representativas das diversas modalidades do galego, que constitúen unha dialectoloxía oral con material dos subarquivos de etnotextos do *AGO*; como mostra desa publicación recóllese neste traballo un fragmento dun texto occidental. Por último, faise referencia ó estado actual do *AGO* en Internet, os temas dos audios da páxina <http://ilg.usc.gal/ago/> e os criterios de transcripción semifonolóxica e estandarizada de cada audio, con mostra da dobre transcripción dun fragmento dun texto oriental.

PALABRAS CHAVE: Dialectoloxía, lingua galega, galego oral, arquivo dialectal, *AGO*, etnotexto.

ABSTRACT. The *Arquivo do Galego Oral (AGO)* is a project of the Instituto da Lingua Galega of the University of Santiago of Compostela whose objective is to put on the Internet a bank of recordings with the respective transcription to create a thematic atlas of orality of the entire Galician linguistic domain. This article deals

with the origin and subfiles of *AGO*, and in particular with subfiles of ethnotexts from 1992 to the present, because it is the most comprehensive and open and because the audios that are listed on the website <http://ilg.usc.gal/ago/> from May 2011 come from it. It is made reference to the audiobook *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (1996), a selection of recordings with transcripts representing various forms of Galician, which constitute an oral dialectology with material of subfiles of ethnotexts of *AGO*. A sample of this publication is shown in this article with a fragment of a Western text. Finally, reference is made to the current state of *AGO* in the Internet, the topics of audios in the page <http://ilg.usc.gal/ago/> and criteria of standardized and semi-phonemic transcription of each audio with a sample of the transcript of a fragment of eastern text.

KEYWORDS: Dialectology, Galician, oral Galician, dialectal file, *AGO*, ethnotext.

## 1 – O *Arquivo do Galego Oral* e os seus subarquivos<sup>1</sup>:

Desde 1974 á actualidade, investigadores do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela rexistraron o galego oral en moitos puntos do dominio lingüístico galego, á vez que dirixiron traballos académicos en que o material básico para analizar eran mostras orais con un ou varios informantes da mesma ou de diversas xeracións. Estas gravacións, e moitas en depósito de xente allea ó ILG, foron conformando o *Arquivo do Galego Oral (AGO)* co que se quere construír un corpus de interese multidisciplinar para estudar a lingua oral e á vez contribuír a un mellor coñecemento da sociedade galega a través de mostras do seu patrimonio inmaterial.

No *AGO* hai unhas 2.000 horas de gravacións, en boa parte dixitalizadas. Corresponden a uns uns 8.000 informantes da totalidade dos 313 concellos de Galicia e de 28 concellos (dun total de 46) do galego estremeiro, o das comarcas galegófonas do occidente de Asturias, León e Zamora. Tamén hai mostras do “falar também essencialmente galego da região de Xalma”, como denominaba L. F. Lindley Cintra as variedades

---

<sup>1</sup> Información máis detallada sobre os subarquivos do *Arquivo do Galego Oral* pode verse en Fernández Rei (2004) e Fernández Rei & Hermida Gulías (2008: 154-158). A xénese e a situación actual do arquivo trátase en Fernández Rei (2017).

dos tres concellos da zona de Xálima (ou do val do Ellas) de Cáceres.

O *AGO* consta de tres subarquivos de etnotextos:

- 1º) Gravacións do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, realizadas entre novembro do 1974 e maio do 1977, xunto con outras complementarias de puntos do atlas realizadas entre 1979 e 1983. Son unhas 30 horas, transcritas e dixitalizadas na súa totalidade, das que aínda non se fixo a clasificación temática.
- 2º) Gravacións da década de 1980. Son unhas 350-400 horas, rexistradas en 806 casetes (305 da Coruña, 210 de Lugo, 84 de Ourense, 197 de Pontevedra e 10 do galego estremeiro) en cerca de 800 localidades. A maioría dos rexistros corresponden ó período 1979-1985, pero tamén os hai que chegan a 1991. Gran parte están transcritas, mais só un 50% dixitalizadas e catalogadas.
- 3º) Gravacións de textos de 1992 á actualidade, que forman o subarquivo máis completo e que se incrementa con novas gravacións, e do que proceden os audios que actualmente figuran no sitio web. Tratarase con máis detalle na epígrafe 2.

Ademais, existe un subarquivo de gravacións en rexistro culto que se empezou a conformar no 1996. Son unhas 400 horas, aínda sen catalogar, das que están dixitalizadas unhas 200. Fundamentalmente son conferencias sobre a realidade sociocultural de Galicia impartidas por especialistas en política, historia, etnografía, lingua ou literatura, e tamén presentacións de libros e outros actos. As gravacións realizáronas membros do proxecto do *AGO*, pero hainas de diversa procedencia, entre outras, de programas de emisoras locais de radio, de televisións locais e dalgúns programas da TVG de interese lingüístico e etnográfico.

## **2 – O subarquivo de etnotextos do 1992 á actualidade**

O Ministerio de Educación e Ciencia de España concedeu un proxecto, do que eu era investigador principal, para a creación entre xullo do 1992 e xullo do 1995 dun *Arquivo Dialectal da Lingua Galega* no Instituto da

Lingua Galega; e despois a Xunta de Galicia concedeunos o proxecto *Actualización do Arquivo do Galego Oral* para o período 1996-1999. A concesión destes proxectos permitiu actualizar o *Arquivo do Galego Oral* que de xeito espontáneo se fora creando no ILG. Agora fíxose unha planificación para poder contar cun rexistro das 3.768 parroquias de Galicia (considerouse a parroquia, e non o concello, como unidade fundamental) e dos puntos do galego estremeiro; e na medida do posible, poder contar con gravacións de diversas xeracións en cada parroquia.

Comezou unha nova fase do *AGO* cando no 2007 a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia asinou co ILG un convenio de colaboración, aínda en vigor, para continuar cos traballos do arquivo; e así puido facerse a actualización, así como a catalogación total e transcripción parcial dos fondos e proceder á súa difusión a través dunha páxina web.

O subarquivo con material desde 1992 consta de máis de 1.000 horas de gravacións, das que un terzo están transcritas e clasificadas tematicamente e dixitalizadas nun 95%, sen que se acade o 100% porque cada pouco hai achegas en depósito de gravacións en casete realizadas hai anos. Actualmente contén 6.007 informantes (3.378 mulleres, 2.561 homes e 68 sen especificar o xénero), de varias xeracións e profesións, aínda que a maioría son voces da primeira xeración e do sector primario, tanto no caso das mulleres coma no dos homes. En bastantes parroquias hai mostras de tres (ou de dúas) xeracións de falantes.

Na táboa 1 figura o número de concellos do dominio galego do que hai rexistros orais no *AGO*, xunto co número de informantes por provincias. No 2017 hai mostras de todos os concellos de Galicia e de 28 dos 46 concellos galegófonos das comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora, así coma dos tres concellos de fala “galega” de Cáceres.

		<b>Concellos</b>	<b>Informantes</b>
Galicia	A Coruña	93 (de 93)	1938
	Lugo	67 (de 67)	1468
	Ourense	92 (de 92)	851
	Pontevedra	61 (de 61)	1663
Asturias: Eo-Navia		15 (de 18)	35
León: Os Ancares e O Bierzo		8 (de 23)	27
Zamora: As Portelas e A Seabra (só Calabor e Pedralba de la Pradería)		5 (de 5)	16
Terra de Xálima (Cáceres)		3 (de 3)	9

TÁBOA 1 – Concellos con gravacións e número de informantes

Membros do equipo do *AGO* ou outros investigadores (sobre todo do ILG), a quen se lles pediu colaboración, realizaron máis dun terzo das gravacións deste subarquivo; uns dous terzos proceden de traballos de curso ou de diversos traballos académicos de licenciatura e diplomatura, dirixidos todos por membros do equipo do *AGO*; e unha porcentaxe moi reducida ten outras procedencias.

### 3 – O audiolibro *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*

A comezos da década de 1990 fixéronse escolmas orais en casete que se lles enviaban ós seminarios de lingua galega de centros de ensino secundario, que as solicitaban ó ILG para usalas nas clases prácticas. Esta difusión rudimentaria deixou de facerse cando no 1996 apareceu a publicación máis salientable do *AGO* (e antes da web do arquivo foi a de maior utilidade e difusión), realizada con material dos tres subarquivos de etnotextos.

Trátase do audiolibro *A nosa fala* (Fernández Rei & Hermida Gulías 1996), preparado para o Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega. Distribuíuse en librarías e á vez fíxose unha edición para agasallar con ela as 700 persoas que se inscribían no I Congreso Internacional *A Lingua Galega: Historia e Actualidade*, que o ILG organizou en Santiago de Compostela en setembro do 1996 con motivo do 25 aniversario da creación dese instituto universitario. Cando se reeditou no 2003, as tres casetes do audio-libro, con tres horas de gravacións, foron substituídas por tres CDs; e no 2004 pendurouse na rede unha versión electrónica dos textos orais coas súas transcripcións, con máis 15.000 consultas no 2005 (<http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>).

O audiolibro é unha especie de dialectoloxía oral, con gravacións de diferentes xeracións de informantes, rexistradas entre mediados da década de 1970 e mediados da década de 1990. Procurouse que a temática da escolma fose o máis variada posible e que resultase amena para estudantes e ensinantes de lingua galega; pero tamén se procurou que fose útil para etnógrafos, historiadores ou sociólogos interesados pola Galicia anónima de onte e de hoxe.

Coa finalidade de dar unha imaxe real da sociedade galega do último terzo do século XX, a temática dos textos é moi diversa. Así, trátanse a pesca e o marisqueo nas augas do Cantábrico, da Costa da Morte ou da ría da Arousa e a pesca no banco canario-sahariano, e o cultivo do viño en Mondariz e en Amandi ou o dos tomates no Rosal. Algúns textos céntranse na guerra do 1936 na comarca compostelá ou ben na dureza da vida na posguerra, con historias do contrabando no Baixo Miño ou sobre os portugueses que viñan á seitura ó concello arraiano da Mezquita.

Cóntanse historias da rapa das bestas, de muiñadas e ruadas, do Entroido, da mata do porco, do liño e das fiadas; pero tamén as hai relativas a inventos recentes, como era o fax, e a temas coma os incendios forestais e a limpeza das praias. E nos textos do estremeiro está presente, entre outros temas, a problemática lingüística e identitaria desas comarcas da “Galicia irredenta”, como a definían os vellos galeguistas.

Na distribución areal dos textos seguiu-se a *Dialectoloxía da lingua galega* de Fernández Rei (1990), e buscou-se que cada texto tivese o maior número de trazos caracterizadores do bloque, área e subárea en que se



encadra. Son 15 textos do bloque occidental (90' de gravacións), 19 textos do bloque central (60' de gravacións) e 9 do bloque oriental (30' de gravacións).

Na transcripción das gravacións d'*A nosa fala* procurouse un compromiso entre a claridade necesaria para que un non lingüista poida ler os textos e o rigor preciso para fornecerlle a un lingüista a máxima información fonética e fonolóxica posible. Partíuse da normativa que elaboraran a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega (RAG-ILG 2012<sup>23</sup>) con particularidades que afectan á representación gráfica dos fonemas de grao medio aberto, da gheada, do seseo e doutros fenómenos relevantes do galego oral. Non se marca ningún tipo de castellanismo nin empréstitos doutras linguas<sup>2</sup>.

A seguir reproducécese a parte final do texto de Roo-Noia (A Coruña), pertencente á área fisterrá do bloque occidental. A gravación é de xullo do 1975, do subarquivo do *ALGa*, e o informante é un labrego de 76 anos:

“Entonçes çalíamolle alá. È entonçes veña á tumbada polo, por aqueles pra[dos], prados abaixo. ¡Ai Diòs mío! ¡Onde van aqueles mundos! Pèro eço èra á vista da xente. Víaio todo o mundo cando façíamos esas cousas. Aora do rèsto. ¡Çèmpre houbo algho hò!, çèmpre houbo algho. Pèro non açí como aghora, ¡contro! Aora, aora è unha barbaridá, meus hòmes. Non çe vos pòde andar. È pònse, arriman o fuçiño como çe nada, eu, parece que querían quedar peghados xa toda a noite ou todo o día, se están. Paçan por diante da xente: ca, xa non ven a ninguên, non ven máis que un ó outro. Tropèçan nun è tropèçan en calquèra, porque non ven, cando van. Eu véxoos aghora, ¡meu! Eu aora teño çätenta è çeis anos, è eu estou falando daqueles tempos porque estiven naqueles mundos è máis aora estou nos de aghora ¡Ai Diòs mío! Estamos perdidos. È dicir, perdidos non; que, total, como çon todos. Se fora un sòlo ou dous ¡buèno! èra unha verghonça pró que lle paçaba, però aora son todos è, è a, a nai que tèn unha filla è non tèn moço xa di:

-¡Ai Diòs mío! ¡È pois a miña filla non tèn tanto mal, è pois a miña filla podía ter moço coma outra!

<sup>2</sup> Para a transcripción vid. Fernández Rei & Hermida Gulías (1996: 11-16) e Fernández Rei (1997).

Xa quèren que o teña, xa quèren que o teña. O mundo está perdido. Buèno, xa será o que sexa. Asta outros tempos, ha de haber tempos mellores que estes è mais máis malos. Pèro, polo de pronto, eu nestes xa vexo.” (Fernández Rei & Hermida Gulías 1996: 43-44).

Como se pode apreciar, non se transcribiron contraccións xerais no galego oral (*todo o mundo, toda a noite*) nin a perda da vogal *e* que se produce constantemente ante outra vogal (*çalíamolle alá, se están*). O grafema <ç> úsase para a consoante lámino-alveolar xorda en voces con seseo (*entonçes, façiamos, fuçiño*) e noutras non seseantes (*çempre* ‘sempre’, *çätènta* ‘setenta’) e o grafema <x> representa a sibilante lámino-postalveolar xorda que “tende” a ápico-alveolar (*abaixo, xente*). Co dígrafo <gh> márcase a realización fricativa faringal xorda da gheada (*aghora, algho*) e tamén a fricativa velar xorda de castellanismos adaptados a ese son<sup>3</sup>. Non se marcan castellanismos comúns no galego oral como *Diòs mío!* ‘Meu Deus!’, *¡bueno!* ‘vaia!’ ou *aora*, en concorrencia con *aghora* neste texto.

## 4 – O Arquivo do Galego Oral en Internet

### 4.1 – Obxectivos

O obxectivo inmediato é poñer en Internet un banco de gravacións con cadansúa transcripción para configurar un atlas temático da oralidade de todo o dominio lingüístico galego. Desde maio do 2011 figura unha mostra de textos no sitio web <http://ilg.usc.gal/ago/>, da que se pode ver a distribución xeográfica na figura 1.

---

<sup>3</sup> Neste fragmento non hai exemplos, pero si no comezo do texto nas formas *ghòta* ‘xota’ e *eghèmplo* ‘exemplo’.



FIGURA 1 – Portada da páxina web do AGO

A longo prazo outro obxectivo é a redacción dun corpus informatizado do galego oral para o estudo, sobre todo, do léxico e da gramática, que se irá construíndo cos textos da web do AGO e con textos transcritos do propio arquivo que non estean na rede, así como con outros textos orais de coleccións éditas e inéditas. Ese corpus, o *Tesouro Oral Informatizado da Lingua Galega (TOILG)*, será unha peza máis da rede de córpora do ILG integrada na plataforma interuniversitaria de *Recursos Integrados da Lingua Galega (RILG)*<sup>4</sup>.

#### 4.2 – Os textos na rede

No sitio web <http://ilg.usc.gal/ago/> figura unha escolma de 117 etnotextos

<sup>4</sup> Da RILG xa forman parte estes córpora do ILG: *Tesouro informatizado da lingua galega (TILG)* e *Corpus Xelmírez - Corpus Lingüístico da Galicia Medieval*, e tamén o *Dicionario de Dicionarios* e o *Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval*.

correspondentes a 99 concellos, coa repartición xeográfica vista na figura 1: 30 da Coruña, 24 de Lugo, 22 de Pontevedra, 22 de Ourense e 1 de Asturias. Nesa escolma hai mostras de 12 dos 19 bloques temáticos en que se clasificou o material do *AGO*:

- 1 Cultura popular (subtemas: cantigas; contos; lendas; regueifas e desafíos).
- 2 Crenzas (subtema: Compañía).
- 3 Festas, romarías e costumes (subtemas: casamento, despedidas; Entroido).
- 4 Nenez (subtema: xogos tradicionais).
- 5 Mocidade (subtema: mocear).
- 6 Traballos e produtos agrícolas (subtemas: abellas e mel; muíños, fornos, pan; viña e derivados).
- 7 Traballos e produtos do mar e do río (subtema: actividade pesqueira).
- 8 Outros traballos e actividades<sup>5</sup> (subtema: a mina).
- 9 Hábitat, edificios e servizos, monumentos, xeografía, flora e fauna (subtema: o lobo).
- 10 Acontecementos e personaxes históricos (subtema: a guerra civil e a posguerra).
- 14 Comidas e receitas (subtema: comidas).
- 18 Lingua galega e situación sociolingüística (subtema: represión lingüística).

Aínda non se penduraron na rede textos dos seguintes bloques temáticos:

- 11 Emigración.
- 12 Historias de vida.
- 13 Relacións persoais.
- 15 Saúde.
- 16 Lecer: cultura, deporte, viaxes.
- 17 Evolución dos usos e dos costumes e o progreso.
- 19 Temas de actualidade.

---

<sup>5</sup> Neste bloque temático hai 40 subtemas.

### 4.3 – Utilidade do *AGO*

A utilización do material do arquivo como recurso didáctico por parte do profesorado de Lingua Galega e Literatura é unha constante en centros universitarios e de secundaria desde que se pode consultar parte do fondo a través do citado sitio web. A utilidade dos textos dispoñibles é múltipla pola forma e polo contido. A narración de feitos históricos por parte dalgúns falantes protagonistas deles (en textos sobre a guerra civil, por exemplo, da que hai 26 mostras na rede) converte eses fragmentos en documentos tamén aproveitables para materias como a de Xeografía e a de Historia.

Antes de pendurarse na rede mostras do *AGO*, membros do Consello Científico do ILG utilizaron etnotextos (éditos e inéditos) e gravacións en rexistro formal para prácticas de galego oral nas clases de titulacións das facultades de Filoloxía e de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela e para diversas investigacións.

Material do *AGO* da década de 1990 empregouse eses anos na redacción de traballos de investigación de cursos de doutoramento ou na redacción de memorias de licenciatura, ben co material dunha parroquia ou de varias parroquias dun concello, que case sempre se acompañaban dunha escolma de etnotextos de diversas xeracións. Todos eses traballos académicos dirixíronos membros do proxecto. Moitos textos desas investigacións introducíronse no *TILG*, onde xa figuraban textos transcritos do *ALGa*. Por outra parte, os investigadores do proxecto do *AGO* realizaron traballos baseados, en maior ou menor medida, en material de etnotextos do *AGO* ou ben en gravacións aínda non incorporadas ó arquivo<sup>6</sup>.

---

<sup>6</sup> Desde hai uns anos a vía principal de difusión do proxecto é Internet para a docencia da lingua galega e para investigacións diversas cos textos da rede; mais tamén se espalla a súa existencia con frecuentes visitas ó *AGO*, no edificio do ILG na zona monumental de Santiago de Compostela, nas que se lles explican a orixe, a actualidade e a utilidade. Sobre a divulgación e resultados do *AGO* vid. Fernández Rei (2007).

#### 4.4 – A transcripción das gravacións

O audio de cada texto da páxina web do *AGO* acompáñase sempre de dúas transcripcións. Unha semifonolóxica, pensada para estudantes e investigadores da oralidade e tamén para locutores dos medios de comunicación, dobradores, actores e outros profesionais que usan decote o galego oral; e unha transcripción estandarizada, pensada para estudantes, ensinantes e investigadores da lingua galega, pero tamén para etnógrafos, historiadores, sociólogos e outras persoas interesadas na situación sociocultural e sociolingüística de Galicia e das comarcas estremeiras en que o galego é lingua propia.

A transcripción semifonolóxica contén a maior información fonética e fonolóxica posible para poder reproducir a oralidade da forma máis aproximada, particularmente timbres das vogais, resultados de encontros vocálicos, fenómenos dialectais consonánticos relevantes (seseo, gheada, rotacismo...) e a realización dalgúns fonemas consonánticos na cadea fónica. Partiuse da normativa vixente (RAG-ILG 2012<sup>23</sup>), pero con convencións gráficas semellantes ás empregadas nas transcripcións do audiolibro *A nosa fala*.

A transcripción estandarizada é unha escrita normalizada, que carece dos convencionalismos gráficos da semifonolóxica, e con estandarización morfolóxica, léxica e fraseolóxica. En xeral séguense as pautas da normativa ortográfica e morfolóxica RAG-ILG (2012<sup>23</sup>) e da codificación léxica do *VOLG* (2004). No vocalismo non se marcan os timbres das vogais nin as crases vocálicas inusuais na escrita (*para esta, a unha festa* e non *pr'èsta* e *ò'nha festa*), prescínlese de harmonizacións xerais de *e* ou *o* pretónicos, da palatalización de *ä* e do *-e* paragóxico. No consonantismo non se sinala a gheada nin o seseo, os dous fenómenos máis relevantes da dialectoloxía galega e importantes marcadores sociolingüísticos; tampouco se marca o rotacismo, pero restáuranse os grupos cultos, consonte coa normativa vixente. Moitas veces elimínanse reiteracións innecesarias para facilitar a lectura dos textos.

Como mostra, achégase na figura 2 o comezo das dúas transcripcións dun texto do galego oriental, o de Lamas de Moreira-A Fonsagrada (Lugo), que trata da guerra civil española do 1936 e da posguerra.

**Tema:** Acontecementos e personaxes históricos  
**Subtema:** A guerra civil e a posguerra  
**Informante/s:** Home 81 anos - zoqueiro e labrego  
**Gravación de:** Isabel Vázquez Vidal  
**Ano gravación:** 1996

Transcripción semifonolóxica	Transcripción
<p>I. — Xa me deû pena na guèrra, porque..., xa sufrín na guèrra è caíu un cañonazo xunto de minhe que m'hiriu muito xa daquela. È dend'aquela, pois, xa me quedou o, o oído un pouquítín corto; i-àgora na viekhez notol moito, porque tan eiquí, ta a televisión traballando i-eu case non enten&lt;do&gt;, non ouzco case nada; è prè... dicirm'unha cousa tein, non tèn qu'haber estorbo, se non non pircibo, è verdá.</p> <p>E. — E donde estivo na guerra?</p> <p>I. — Por vario-sitios, no pior.</p> <p>E. — Si?</p> <p>I. — Tuven, comecei pola parte de León; è dispois tuven en Tèruèl, tod'ò tèmpo de Tèruèl hasta que se liberou; è dispois tuven cuatro meses no Ebro, que foi o&lt;nde&gt;, onde, onde máis gorda l'houbó. Así qu'eu, a guèrra toda; toda, todo me tocóu. Ora que eu, non pasei fame que taba, taba de rãixeiro.</p>	<p>I. — Xa me deu pena na guerra, i canonazo xunto de min que me feriu i me quedou o oído un pouquiño curt están aquí, está a televisión traballand nada; e para dicirme unha cousa non i é verdade.</p> <p>E. — E onde estivo na guerra?</p> <p>I. — Por varios sitios, no peor.</p> <p>E. — Si?</p> <p>I. — Estiven, comecei pola parte de tempo de Teruel hasta que se liberot que foi onde máis gorda a houbó. / tocóu. Ora que eu, non pasei fame, qu</p>

FIGURA 2 – Texto de Lamas de Moreira-A Fonsagrada

## 5 – Equipo actual do *AGO*

Constitúeno os seguintes investigadores e persoal informático de apoio:

Director

Francisco Fernández Rei (1992-)

Subdirectora

Carme Hermida Gulías (1992-)

Investigadores/as

Concepción Álvarez Pousa (2014-)

Carme Ares Vázquez (1996-)

Xosé Henrique Costas González (2005-)

Ana García García (2007-)

Carme García Rodríguez (1996-)

Xavier Varela Barreiro (1992-2007, 2011-)

Dixitalización

Alberto Iglesias Cordero (2008-)

Administración do sistema informático

César Osorio Peláez (2008-2015)

Juan José Gómez Noya (2015-2016)

Noemí Varela Rodríguez (2017-)

No apartado dos subarquivos do *AGO* do sitio <http://ilg.usc.gal/ago/> dáse información precisa de quen no seo do ILG traballou na conformación do proxecto desde a súa creación, e moi particularmente das persoas que na década de 1990 traballaron na recolleita, transcrición e informatización dos etnotextos, unha década que é un esteo fundamental no conxunto do material deste arquivo da oralidade.

## REFERENCIAS

- Fernández Rei, F. 1990. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, F.; Hermida Gulías, C. 1996. *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>.
- Fernández Rei, F. 1997. Normas para a transcrición de etnotextos do *Arquivo do Galego Oral*. *Revista de Filoloxía Románica*. 14: 225-240.
- Fernández Rei, F. 2004. *O Arquivo do Galego Oral* do Instituto da Lingua Galega. In: C. Pujales Prats (Ed.). *Actas I, II e III Encontros 'O Son da Memoria'*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, 63-79.
- Fernández Rei, F.; Hermida Gulías, C. 2008. O Arquivo do Galego Oral e o seu aproveitamento lexicográfico. In: E. González Seoane; A. Santamarina; X. Varela Barreiro (Eds.). *A lexicografía galega do século XXI*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 153-166.
- Fernández Rei, F. 2017. *O Arquivo do Galego Oral: xénese e situación actual*. In: R. Álvarez; E. Moscoso; M. Negro (Eds.). *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega en homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón*



*Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (no prelo).

RAG-ILG 2012<sup>23</sup>. *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega <http://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortogr%C3%A1ficas+e+morfol%C3%B3xicas+do+idioma+galego.pdf>.

*RILG = Recursos Integrados da Lingua Galega*. Disponible en <http://sli.uvigo.es/RILG/>. Deseño e programación web: Xavier Gómez Guinovar.

*TILG = Santamarina, A. (coord.). Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/>.

*VOLG (2004) = González González, M.; Santamarina Fernández, A. (Coords.). Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGa)*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega. <http://academia.gal/recursos-volg#http://academia.gal/Volga/>.

